



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Traballo Fin de Grao	Código	613G02041	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	GalegoPortugués			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación			Correo electrónico	
Profesorado	Eirin García, Leticia Ferreiro Fernandez, Manuel Ledo Martínez, Jorge Lopez Fernandez, Maria Teresa Lourido Hermida, Isaac Samartin López-Iglesias, Roberto Sanchez Rei, Xose Manuel Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	leticia.eirin@udc.es manuel.ferreiro@udc.es j.ledo@udc.es t.lopez@udc.es isaac.lourido@udc.es roberto.samartin@udc.es x.m.sanchez.rei@udc.es carlos.vizcaino@udc.es	
Web	www.udc.gal/export/sites/udc/filo/_galeria_down/TFG/normativa/Regulamento_TFG.pdf_2063069239.pdf			
Descrición xeral	O traballo de fin de grao supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, dunha memoria ou dun estudo concreto sob a supervisión de un/ha ou máis directores/as. Neste traballo deben ser integrados e desenvolvidos os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.



C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Ser capaz de buscar, xestionar, organizar e interpretar datos nos estudos lingüísticos e/ou literarios co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes deste ámbito de estudos, demostrando ademais un pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
	A3	B3	C3
	A6	B4	C4
	A9	B6	C5
	A10	B7	C6
	A14	B9	C7
	A15	B10	C8
	A18		

Contidos	
Temas	Subtemas
O contido específico do traballo acordarase co titor ou titora dentro do marco da liña do TFG asignada.	Os que xurdiren durante o desenvolvemento do traballo.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A6 A10 A14 A15 A18 B1 B2 B3 B7 B9 B10 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	120	130
Presentación oral	A9 B4 B6 C1	1	9	10
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O/A estudante realizará o traballo baixo a dirección dun/ha profesor/a, que orientará, realizará un acompañamento do proceso de elaboración e autorizará a presentación e defensa do mesmo.
Presentación oral	O día sinalado no calendario académico do centro, o/a alumno/a presentará e defenderá o seu traballo perante unha comisión avaliadora nomeada pola Xunta de Facultade, nun tempo máximo de 15 minutos en que deberá expoñer os obxectivos, a metodoloxía, o contido e as conclusións do seu traballo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	O Traballo Fin de Grao elaborárase baixo a coidadosa supervisión do profesorado asignado e non serán admitidos para a súa defensa traballos que non fosen acompañados no seu proceso de elaboración.
Presentación oral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A6 A10 A14 A15 A18 B1 B2 B3 B7 B9 B10 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Será valorado polo/a director/a do traballo segundo o seguinte: 1. Aspectos formais (20%): adecuación ao formato establecido, presentación xeral do texto (exemplos, gráficos, anexos etc.), corrección lingüística. 2. Contido (60%): estrutura do contido (coherente e adecuada ao tema), clareza expositiva, selección e utilización da bibliografía, resultados e conclusións acordadas cos obxectivos expostos. 3. Proceso de realización (20%): organización, temporalización, autonomía.	70
Presentación oral	A9 B4 B6 C1	Será valorada polo tribunal segundo o seguinte: 1. Exposición (35%): axustada ao tempo, clara e estruturada, corrección e adecuación lingüística. 2. Contido do discurso (35%): capacidade de síntese, atención aos aspectos relevantes do traballo. 3. Resposta ás observacións do tribunal (15%): resposta axeitada a todas as observacións e preguntas. 4. Utilización de medios e materiais de apoio (15%): utilización de forma efectiva e pertinente de medios audiovisuais e/ou materiais de apoio.	30

Observacións avaliación



A titorización do traballo por parte do/da director/a é obrigatoria. Esta/este providenciará os mecanismos necesarios para o seguimento das diferentes etapas do proceso de elaboración e non permitirá a presentación e defensa dun traballo que non teña sido supervisado ao longo durante a súa elaboración.

-----A cualificación final do traballo é emitida polo tribunal. Serán cualificados con NON PRESENTADO/A os/as alumnos/as que non realizaren a presentación oral pública ante o tribunal. Calquera falta de honradez académica (plaxio ou outras formas) penalizarase co suspenso automático do TFG. Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña" (artigo 14.4).-----A estrutura do Traballo de Fin de Grao axustarase a estas características: 1. Capa, que incluíra, obrigatoriamente, o logotipo e o nome da Universidade, o nome da Facultade, a denominación do grao, o título do traballo, o nome do autor ou da autora, o visto e prace manuscrito do director ou da directora co seu nome, e o ano de presentación. Non se numerará. 2. Índice do traballo con paxinación. 3. Resumo do traballo, que dará conta necesariamente de obxectivos, metodoloxía, unha síntese dos contidos e as conclusións e será aproximadamente de 500 palabras. 4. Introducción, que deberá incluír os obxectivos do traballo e a explicación e a xustificación da metodoloxía utilizada. 5. Traballo. 6. Conclusións. 7. Referencias bibliográficas. 8. Anexos (se os houber). O Traballo de Fin de Grao terá unha extensión mínima de 9000 e máxima de 11000 palabras. Para o cómputo non se terán en conta os apartados 1, 2, 3, 7 nin 8. Presentarase en formato A4, con marxes de 2,5 cm, interliñado duplo e letra de 12 puntos. A paxinación dos apartados 2 e 3 realizarase en numeración romana.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Cassany, Daniel (1999). Construir la escritura. Barcelona: Paidós - Day, Robert (2008). Como escrever e publicar traballos científicos. Brasília: Livraria e Editora Santos http://es.scribd.com/doc/24732033/Como-Escrever-e-Publicar-Um-Ar - Dias, Maria Olívia (2008). Manual de sugestões para estudantes: estudar e fazer traballos académicos com método. Viseu: Psico & Soma - Fernandes, António José (2002). Métodos e Regras para Elaboração de Traballos Académicos e Científicos. Porto: Porto Editora - Montolío, Estrella (2009). Manual práctico de escritura académica. Barcelona: Ariel - Mutt, José A. Mari (). Manual de redacción científica. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá https://www.uco.es/servicios/informatica/windows/filemgr/do - Pantoja Vallejo, Antonio (coord.) (2009). Manual básico para la realización de tesinas, tesis y trabajos de investigación. Madrid: EOS Universitaria
Bibliografía complementaria	A que recomendar o profesorado que supervise o traballo. A que recomendar o profesorado que supervise o traballo.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías